



**ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARIN**

**ILMO. CONCELLO DE MARÍN**

Avda. de Orense, s/n  
Teléf. 88.03.00 -Fax 88.20.13  
**36.900 MARÍN (Pontevedra)**

**SOLICITUDE DE LOCAL MUNICIPAL**

D/D<sup>a</sup> ....., con DNI.....

e domicilio na rúa....., núm.....,

CP....., Municipio de ....., núm. tfno.:..... tlno. móbil:.....

Email:..... en representación da asociación: .....

..... Con CIF núm....., rexistro municipal

núm. ....

Solicita o local municipal: ..... Finalidade: .....

.....núm. de ocupantes.....

Datas:....., horario.....

Marín, .....de ..... de 201...

O/a responsable

Visto e prace

A Alcaldía

*Cómpre que sexa asinada pola Alcaldía, do contrario, a presentación desta solicitude, por si soa, non terá ningún valor.*

**Á SRA. ALCALDESA- PRESIDENTA DO ILMO CONCELLO DE MARÍN**

De acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, así como no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 1720/2007, informámoslle que os seus datos pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo/a responsable é o Concello De Marín, con domicilio na avda. de Ourense s/n, 36900 – Marín (Pontevedra), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación , e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría a solicitude por escrito e asinada xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Así mesmo, informámoslle que os datos poderanse comunicar as administracións públicas competentes e a terceiros cando sexa estritamente necesario para a xestión da actividade.

No caso de que nos proporcionase datos de carácter persoal doutras persoas, previamente á súa inclusión, deberalle informar ás mesmas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos de non obter o seu consentimento.



### **EXTRACTO DA ORDENANZA DE LOCAIS**

En todo caso, a Alcaldía disporá, inicial ou posteriormente, o réxime de usos que considere oportunos, incluídos os horarios e a compatibilidade de os ditos usos.

#### **ART. 5 – USOS**

Os espazos autorizados poderán utilizarse polas persoas beneficiarias exclusivamente para aquelas funcións e actividades que lle sexan propias, atendendo aos obxectivos da autorización.

Se a actividade a realicen menores de idade sempre haberá un/ha adulto/a responsable deles. Calquera deterioro que se observe polos/as usuarios/as nos diversos locais, nos elementos ou instalacións poñerano en coñecemento inmediato do Concello, ao fin de adoptar as medidas oportunas.

Os/as usuarios/as dos locais municipais están obrigados/as ao uso e conservación dilixente en todo momento do inmovible en xeral, así como tamén do mobiliario; respondendo dos danos que puideran ocasionar os seus membros ou usuarios/as, ben por acción ou omisión, efectuando de forma inmediata ao seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias.

#### **ART. 6 —ACTIVIDADES NON PERMITIDAS**

No interior do local autorizado, e dentro do respecto á autonomía da persoa que o use, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohibe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade ou discrimine por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Queda prohibida a utilización dos locais cedidos para a realización de calquera actividade que non se contemple na autorización de uso, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

#### **ART. 7 – OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS**

Todos os/as beneficiarios/as deberán de cumprir as normas contidas no Título II, e tamén ás seguintes:

Respectar os horarios de utilización establecidos nos acordos relativos á autorización do uso dos locais.

Destinar o espazo cedido as finalidades propias da/s persoa/s beneficiarias, realizando o seu programa de actividades.

En todo caso, a Alcaldía disporá, inicial ou posteriormente, o réxime de usos que considere oportunos, incluídos os horarios e a compatibilidade de os ditos usos.

- Conservar os espazos sinalados para o seu uso en óptimas condicións de salubridade e hixiene.
- Custodiar as chaves do centro e péchalo, cando sexa a última entidade en usalo, salvo que o acordo previo dispoña outra cosa. Ao tempo velarán polo bo uso dos espazos cedidos, exercendo a vixilancia e control dos/as usuarios/as.
- Non cederen a terceiros/as, nin total nin parcialmente, o uso do espazo que lles asignasen.
- Non faceren uso doutro local municipal que non sexa o expresamente autorizado na resolución.
- Comunicar o Concello calquera anomalía, incidencia ou problema que poida acontecer; no suposto de urxencia sería con carácter inmediato.
- Permitir en todo momento ao Concello o exercicio das facultades de vixilancia e inspección no cumprimento deste regulamento.
- O Concello esixirá sempre a existencia dun/ha responsable da actividade.
- Queda prohibido consumir sustancias psicotrópicas, fumar, introducir bebidas alcohólicas e alimentos, salvo cando a actividade así o requira. Tamén queda prohibida a introdución de animais nos locais (a excepción de cans de guía).
- Prohibirase a entrada ás persoas que presenten signos de estar baixo os efectos do alcohol ou outras drogas.
- Non se poderá poñer nos locais ningunha publicidade que incite ao consumo de tabaco e/ou alcohol.
- Se se realiza algunha publicidade sobre actividades nos locais municipais sempre constará nela a colaboración do Concello.
- Non se farán carteis ou folletos sen previa autorización expresa do Concello.